

DATA: <b>5 de febreiro de 2010</b> Nº: 39/09-10	ASUNTO: <b>VARIAS INFORMACIÓNS</b>
--	------------------------------------

Estimadas Familias:

Pola presente informámolas dos seguintes temas:

- Reserva de praza para o curso 2010-2011:** Procedemos neste mes a facer a "Reserva de praza", que deberán entregar no día que se lles indica na mesma ficha.
- Enquisas de satisfacción:** Pedimos de Vdes. a súa colaboración para seguir mellorando na calidade educativa do centro. Para iso, poden cubrir a *Enquisa* e entregala en Secretaría o mesmo día da "Reserva de praza". Recordámoslles que é anónima.
- Servizo de Mentorvox:** Como informamos na reunión de inicio de curso, este servizo deixaría de funcionar durante un tempo, xa que estamos realizando algúns cambios na rede, no programa, na páxina web, etc. A intención é que neste mes de febreiro o funcionamento de Mentorvox quede listo. As claves que teñen xa non serven, pois a Lei de Protección de Datos (LOPD) obriga a cambialas cada certo tempo. Poden recoller as **novas claves** o mesmo día da entrega da "Reserva de praza", tamén en Secretaría. Lembramos que este servizo ofértase ás familias que colaboran co donativo.
- Xornada de Orientación:** O día **11 de febreiro, ás 16.30 h.**, os profesores de Bacharelato e o Departamento de Orientación organizaron unha Xornada de Orientación para todos os alumnos de Bacharelato. A asistencia é obrigatoria. Os pais que desexen recibir a información que se vai dar nesta Xornada, poden asistir á mesma. Ten unha duración aproximada de dúas horas. Será dirixida por un técnico da *Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG)*, que se encarga de coordinar a Selectividade.
- Entroido:** O día **12 de febreiro** celebraremos, en colaboración inestimable ca APA, a tradicional *Festa de Entroido* cos alumnos de Infantil e Primaria, en horario **de 15.30 a 17.30 h.** Os alumnos que son de comedor deberán avisar con dous días de antelación os seus titores se quedan a comer ou se os levan ó mediodía para disfrazalos.  
Os pais que desexen ver o desfile e xogos preparados para os nenos, deberán permanecer na galería central do colexio (non se poderá baixar ó patio).  
Debido á LOPD, **ningunha familia pode sacar fotos no recinto escolar**; só o colexio ten autorización para iso.  
Na tarde de Entroido **suspéndense as actividades extraescolares** (voleibol, baloncesto, ballet, judo, patinaxe, etc.). Tampouco haberá servizo de transporte escolar ás 18.30 h.
- Reanudación da actividade escolar:** Como se di na *Programación Anual* (entregada a inicio de curso), na páxina 8, o Mércores de Cinza non hai escola, polo que as clases reanudaránse o **xoves, 18 de febreiro**, no seu horario habitual.

Agradecemos devolvan asinado o resguardo de comunicación ós titores o luns, 8 de febreiro. Sen outro particular, reciban un cordial saúdo.

A DIRECCIÓN



RECORTAR E ENTREGAR Ó TITOR/A

D./ Dna..... Pai/ Nai/ Titor de .....

..... de ..... Infantil/Primaria/Secundaria/Bacharelato, recibiu o

comunicado nº 39/09-10.